



EXCMO. CONCELLO
DA
ESTRADA
(PONTEVEDRA)

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O 6 DE
AGOSTO DO 2009**

LUGAR: CASA CONSISTORIAL DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA

TIPO DE SESIÓN: ORDINARIA CONVOCATORIA: PRIMEIRA

SEÑORES/AS ASISTENTES:

GRUPO PSdeG-PSOE

D. MANUEL OTERO ESPÍÑO (quen abandona á sesión ás 21:42 horas)

Segundo Tenente de Alcalde

D. MANUEL SANMARTÍN OBELLEIRO

Concelleiro

DNA. M^a MONTSERRAT MACEIRAS VICENTE

Concelleira

DNA. IRENE AGUIAR LALE

Concelleira

DNA. ANA ASOREY BREA

Concelleira

DNA. MÓNICA MAGARIÑOS COBAS

Concelleira

D. GERMÁN GONZÁLEZ RODRÍGUEZ

Concelleiro

DNA. BELÉN LOUZAO VIEITES

GRUPO P.P.

D. JOSÉ ANTONIO MACEIRA BESTEIRO

Concelleiro do PP

DNA. GISÉLE MAÏSSA RODRIGO

Concelleira

DNA. CRISTINA GOLDAR SOTO

Concelleira

D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS

Concelleiro

D. JOSÉ ANTONIO GARCÍA VILLAR

Concelleiro

D. JOSÉ VICENTE VICENTE (quen abandona a sesión ás 21:57 horas)

Concelleiro

DNA. LOURDES LOUREIRO MÉNDEZ

Concelleira

B.N.G.

DNA. RAQUEL LÓPEZ DOCE
Primeira Tenente de Alcalde e Alcaldesa en funcións
D. XOÁN CARLOS CASTRO BLANCO
Concelleiro.
DNA. ISABEL RUIZ FERRO
Concelleira

CIDEGA

D. JOSÉ MANUEL REBOREDO BAÑOS
Concelleiro
D. JUAN ANTONIO TORRES ÁLVAREZ
Concelleiro

SECRETARIO

D. JOSÉ NAVEIRA GONZÁLEZ

FALTAN Á SESIÓN

DNA. CELSA PÉREZ GIL
Interventora de Fondos
D. JOSÉ ANTONIO DONO LÓPEZ
Alcalde-Presidente

Na Casa do Concello, sendo as vinte horas trinta e cinco minutos do día seis de agosto de dous mil nove, baixo a presidencia da Sra. Alcaldesa en funcións Dna. Raquel López Doce, reúnese no Salón de Sesións a Corporación Municipal, co obxecto de celebrar sesión ordinaria, constituíndose coa asistencia dos Señores arriba nomeados, dando fe do acto o Secretario Xeral.

A sesión celébrase previa convocatoria ao efecto dándose publicidade da mesma mediante a inserción dun exemplar da convocatoria e Orde do Día no Taboleiro de Anuncios e páxina web deste Concello.

Declarada aberta a sesión, pola Sra. Alcaldesa en funcións dáse comezo á mesma conforme á seguinte:

ORDE DO DÍA

A) PARTE RESOLUTORIA.-

1º.-	APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS CORRESPONDENTES AS SESIÓNS DO 4 DE XUÑO E 2 DE XULLO DE 2009.
2º.-	APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, RELATIVO Á COBERTURA DA TELEVISIÓN DIXITAL TERRESTRE NO CONCELLO DA ESTRADA
3º.-	APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE MEDIO RURAL, RELATIVO A DELIMITACIÓN DO TERMO MUNICIPAL NO MONTE VECIÑAL EN MAN COMÚN "CASTRO VALENTE", NO SEU LINDE CO CONCELLO DE PADRÓN

4º.-	APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA, RELATIVO Ó PROXECTO “CIDADE DO MOBLE”
5º.-	APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DESFAVORABLE DA COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, RELATIVO Á GRATUIDADE DOS LIBROS DE TEXTO NO ENSINO OBRIGATORIO (SOBRE UNHA PROPOSTA FEITA POLO PP)
6º.-	APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME FAVORABLE DA COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, RELATIVO Á GRATUIDADE DOS LIBROS DE TEXTO NO ENSINO OBRIGATORIO (SOBRE DÚAS PROPOSTAS FEITAS POLO PS de G-PSOE E BNG)

B) PARTE DE CONTROL E XESTIÓN.-

7º.-	DACIÓ DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA DITADAS NO MES DE XUÑO DE 2009 (DO Nº 608 AO 734).
8º.-	ROGOS E PREGUNTAS.

A) PARTE RESOLUTORIA.-

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS CORRESPONDENTES ÁS SESIÓNS DO 4 DE XUÑO E 2 DE XULLO DE 2009.- Pola Sra. Alcaldesa en funcións pregúntase aos asistentes se teñen algunha observación que formular ás actas das sesións celebradas os días 4 de xuño e 2 de xullo de 2009 e cuxos borradores se distribuíron coa convocatoria da presente.

Intervén a Concelleira Delegada de Facenda para advertir dun erro existente na súa intervención realizado no punto 6º da Orde do Día da sesión do 4 de xuño de 2009, polo que propón a súa corrección, de xeito que

Onde di:

Tamén queremos sinalar que se aplicou unha política de aforro no gasto corrente, por primeira vez baixan os gastos correntes neste Concello, tendo en conta que os gastos correntes están previstos para maquinaria do Concello e que hai moito gasto corrente derivado de solicitudes dos cidadáns de novos servizos, como podemos ver en moitas partidas. Non se incrementa a presión fiscal aos veciños, tratamos de facer por todos os medios unha axeitada xestión para que o potencial da facenda pública aumente.

Debe dicir:

Tamén queremos sinalar que se aplicou unha política de aforro no gasto corrente, por primeira vez baixan os gastos correntes neste Concello, tendo en conta que os gastos correntes non so están previstos para maquinaria do Concello, que hai moito gasto corrente derivado de solicitudes dos cidadáns de novos servizos, como podemos ver en moitas partidas. Non se incrementa a presión fiscal aos veciños, tratamos de facer por todos os medios unha axeitada xestión para que o potencial da facenda pública aumente.

Conformes todos os Concelleiros coa proposta de corrección e o resto na redacción das actas das devanditas sesións, apróbanse por unanimidade, previa corrección da acta do 04-06-09, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

2º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, RELATIVO Á COBERTURA DA TELEVISIÓN DIXITAL TERRESTRE NO CONCELLO DA ESTRADA.- . Pola Sra. Alcaldesa en funcións dáse conta do asunto de referencia.

Toma a palabra o Sr. Secretario Xeral: *Obra no expediente o correspondente ditame da Comisión de Organización aprobado polos votos a favor dos Concelleiros do PSdeG-PSOE, BNG e CIDEGA da citada Comisión e a abstención dos Concelleiros do Partido Popular.*

Intervén a Concelleira do Partido Popular Dna. Cristina Goldar Soto: *Boas noites. Por parte do Partido Popular vaise a cambiar o senso do voto e vamos a votar a favor desta proposta. O que pasa é que non podemos deixar de matizar dúas cuestións moi importantes. A explicación de cambiar o senso do voto é porque senón seríamos incongruentes, xa que o que non se fixo durante os anos de goberno anterior se fixo en cen días co novo goberno autonómico. De feito no consello da Xunta do xoves pasado aprobouse un novo convenio entre a Consellería e o Ministerio para este tema da TDT, onde xa está incorporada A Estrada dentro deste plan de actuacións.*

A razón de que nos abstivéramos no seu día na Comisión foi que non sabíamos cales eran as actuacións concretas do Concello da Estrada para paliar estas consecuencias. Había que solicitar unha serie de subvencións para o estudo de cobertura do sinal, para redacción de proxectos técnicos e dotación de equipamento para o servizo da televisión dixital terrestre, pero, por motivos que esta Concelleira descoñece, na data de celebración da Comisión A Estrada non estaba incluída, e non sabemos se foi porque a antiga Xunta llo denegou (goberno amigo) ou porque o Concello da Estrada non o solicitou en forma. Por parte da Concelleira Delegada se nos facilitou unha información dos trámites que se habían feito, pero non se sabe se habían trasladado á Xunta no seu momento, ou non se trasladaron, o que si está claro é que había unha oficina técnica para a TDT na páxina web da Xunta onde se podía facer calquera suxerencia, estudo, presentar proxectos e solicitar calquera tipo de información e complementación técnica coa Xunta para paliar este problema.

Como dicimos, independentemente que no goberno anterior eses cinco millóns de euros que estaban destinados para a TDT se gastaran noutros menesteres (descoñecendo esta Concelleira o seu destino final), por fin este xoves pasado chegouse á aprobación deste novo convenio, polo que vamos a votar a favor pero deixando claro que os deberes non se fixeron ata o de agora. Nada máis, grazas.

Toma a palabra o Concelleiro de CIDEGA, Sr. Reboredo Baños: *Boas tardes. Eu quería prantexar antes de nada unha cuestión de orde en canto á redacción e recollida de datos das distintas manifestacións que fai cada portavoz cando asiste ás Comisións. É coñecido por todos que no devir da dinámica municipal os Concelleiros dos distintos grupos asisten a determinadas Comisións, pero non teñen acceso a outras Comisións, polo tanto creo que é razoable que poidan ter acceso aos debates e propostas que se fagan en cada unha das delas. Eu, por exemplo, que son o portavoz do meu grupo, hoxe pasei a recoller a información para fotocopiar e comprobar algúns aspectos que non tínhamos moi claros e, ao final, atópome que non podo fotocopiar nada, porque o único que se fai é recoller o ditame da Comisión, sen recoller as intervencións dos portavoces dos grupos políticos. Por tanto, eu teño que defender hoxe temas de Comisións nas que non estiven, nas que non sei en que termos cada grupo político levou o debate e iso creo que non é positivo. Eu non sei de quen é a culpa, se é do goberno ou non, o que está claro é que en 18 anos que levo de Concelleiro, é a primeira vez que pasa isto; xa o denunciámos máis dunha vez, non é a*

primeira vez que non se está a recoller nas actas das Comisións, si é verdade que nos Plenos se está a recoller literalmente, pero no resto das Comisións non se recolle absolutamente nada, polo tanto, non temos material suficiente para debater. CIDEGA, unha vez máis, pide que se lle dea solución a ese problema que para a oposición é moi importante á hora de debater.

En canto ao tema da TDT, nós, segundo manifestamos na Comisión, vamos a votar a favor, porque entendemos que hai que dar cobertura a aquelas necesidades que temos no noso territorio, pero, evidentemente, coincidimos plenamente co portavoz do Partido Popular, é dicir, esta volve a ser unha moción cunha carga política moi concreta: cando o seu goberno amigo mirou para outro lado, tanto na posta en marcha dos programas que tiña subvencionados polo Ministerio como nas actuacións que o propio Concello puido poñer en marcha, e, por tanto, que cada un asuma a súa responsabilidade. O que é certo é que había uns fondos destinados a mellorar e resolver os déficits da TDT no territorio galego e eses cartos foron desviados a outros menesteres, como dicía a nosa compañeira, o que non sorprende porque vamos vendo como todo se vai desviando e pouco se fai, tal como pasa coa Cidade do Moble. Por tanto, a nosa postura vai a ser favorable, pero deixando claro que cada un debe asumir a responsabilidade que ten neste tema.

Non habendo máis intervencións, a Corporación adopta, por unanimidade, os seguintes ACORDOS:

1º.- Instar á Xunta de Galicia a informar a esta Corporación sobre as previsións de cando se vai a producir o apagón analóxico do reemisor do Monte Pedroso.

2º.- Instar á Xunta de Galicia a incluír ao Concello da Estrada como obxectivo prioritario no Plan de Migración e reacondicionamento de repetidores analóxicos da área técnica de Santiago.

3º.- Instar á Xunta de Galicia a tomar as medidas oportunas de cara a que na data do apagón do reemisor do Monte Pedroso, prevista para este ano, ningún veciño de A Estrada quede sen cobertura TDT.

3º.- APROBACIÓN, SE PROCEDOE DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE MEDIO RURAL, RELATIVO A DELIMITACIÓN DO TERMO MUNICIPAL NO MONTE VECIÑAL EN MAN COMÚN “CASTRO VALENTE”, NO SEU LINDE CO CONCELLO DE PADRÓN.- . Polo Sra. Alcaldesa en funcións dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Medio Rural en relación co expediente de delimitación do termo municipal no monte veciñal en man común “Castro Valente”, no seu linde co Concello de PADRÓN.

Toma a palabra o Sr. Secretario Xeral: *Obra no expediente o ditame da Comisión Informativa aprobado por unanimidade.*

Non habendo intervencións a Corporación adopta, por unanimidade, o seguinte ACORDO:

Vista a confusión na Iña divisoria que separa os termos municipais de Padrón e A Estrada, concretamente, no monte veciñal en man común Castro Valente, confusión, que fai necesario o correspondente deslinde, segundo teor do informe do Enxeñeiro Técnico Agrícola Municipal do 11-06-09.

Vista a copia da “Acta de deslinde dos termos municipais de Padrón e A Estrada” subscrita polos membros das Comisións nomeadas por ámbolos dous Concellos, con data de 8 de outubro de 1889.

Vista a solicitude con entrada 29-02-09 da C.M.V.M.C. San Miguel de Barcala, solicitando do Concello o deslinde do monte Castro Valente, tendo en conta que o monte veciñal en man común linda co Concello da Padrón.

Visto o informe do Enxeñeiro Técnico municipal de 11 de xuño de 2009.

Visto o informe xurídico do T.A.X. do Servizo Xurídico de Urbanismo do 12-06-09.

Visto o Informe da Secretaría municipal do 08-07-09.

Vista a proposta da Primeira Tenente de Alcalde e Concelleira Delegada de Medio Rural e Turismo de 15-07-09.

Visto o ditame da Comisión Informativa do Rural de 29-07-09.

Visto que a confusión entre os ditos Concellos implica a das provincias de Pontevedra e A Coruña.

Visto, entre outros de concordancia, o artigo 40 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, Reguladora da Administración Local de Galiza.

ACORDAMOS:

1º.- Incoar expediente de deslinde administrativo entre o termo municipal da Estrada e o de Padrón, no monte veciñal en man común Castro Valente.

2º.- Designar a Comisión municipal responsable da instrución do devandito expediente e das correspondentes operacións, no seu caso, de demarcación, deslinde e amolloamento, que estará integrada polos seguintes membros:

- D. José Antonio Dono López (Alcalde-Presidente)
- Dna. Raquel López Doce (Primeira Tenente de Alcalde e Concelleira Delegada de Medio Rural e Turismo).
- Dna. Isabel Ruíz Ferro (Concelleira Delegada de Facenda)
- Dna. Ana Asorey Brea (Concelleira Delegada de Benestar Social)

Actuará a Comisión asistida como Perito D. Ramón Brea Villaverde (Enxeñeiro Técnico Agrícola Municipal) e como Secretario, o do Concello (D. José Naveira González), ou que legalmente lle substitúa.

Asemade, resultarán convocados ao acto:

- D. Horario Vilas Gey, veciño e presidente da Comunidade do Monte Veciñal en Man Común (C.M.V.M.C.) de San Miguel de Barcala, propietaria dos terreos.
- D. José Antonio Duro Fraga, veciño con coñecementos do lugar dende antigo.
- D. Selesio Meda Herbojo, veciño con coñecementos do lugar dende antigo.

3º.- Requirir ao Excmo. Concello de Padrón para que, coa maior celeridade, así mesmo en calidade de actuacións previas, designe unha Comisión propia e paralela para levar a cabo os traballos indicados, e así o comunique a este Excmo. Concello, aos efectos de fixar data de común acordo para a realización e verificación das correspondentes actuacións de deslinde, a partires das que, se os Concellos afectados estivesen conformes cos límites existentes na actualidade, non procedería nova fixación; pero, en caso de existir conflito, se procedería ao levantamento de acta por separado por cada unha das Comisións creadas ao efecto, co gallo de continuar cos trámites consagrados na normativa citada.

4º.- Achegar ao Excmo. Concello de Padrón, para coñecemento e efectos, toda a documentación recabada por esta Entidade Local, fundamentadora da necesidade do deslinde.

5º.- Requirir á Excma. Deputación Provincial de Pontevedra para que, de conformidade co disposto no art. 45 da amentada Lei 5/1997, do 22 de xullo, se integre na Comisión respectiva de mención, designando unha representación igual á de cada Concello, comunicándoo así a cada Administración Municipal afectada, en forma e prazo.

6º.- Achegar á Excma. Deputación Provincial de Pontevedra, para coñecemento e efectos, toda a documentación recabada por esta Entidade Local, fundamentadora da necesidade do deslinde.

7º.- Requirir á Excma. Deputación Provincial de A Coruña para que, de conformidade co disposto no art. 45 da amentada Lei 5/1997, do 22 de xullo, se integre na Comisión respectiva de mención, designando unha representación igual á de cada Concello, comunicándoo así a cada Administración Municipal afectada, en forma e prazo.

8º.- Achegar á Excma. Deputación Provincial de A Coruña, para coñecemento e efectos, toda a documentación recabada por esta Entidade Local, fundamentadora da necesidade do deslinde.

4º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA, RELATIVO AO PROXECTO “CIDADE DO MOBLE”.- Polo Sra. Alcaldesa en funcións dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Promoción Económica en relación co asunto de referencia.

Toma a palabra o Sr. Secretario Xeral: *Obra no expediente o ditame da Comisión Informativa aprobado por unanimidade.*

Intervén a Sra. Raquel López Doce, Alcaldesa en funcións: *Non sei se hai algunha intervención o damos paso directamente ao Sr. Secretario para que dea lectura á moción que foi concensuada polos catro grupos políticos da Corporación.*

É certo que vostede (Sr. Reboredo) comentou antes, como cuestión de orde, están incorporadas ao expediente do Pleno as certificacións dos ditames e non as actas das Comisións, onde se recollen as intervencións dos concelleiros. Sería bo (salvo que haxa algún impedimento legal) que de agora en diante sexan incorporadas, a parte das certificacións, as actas das Comisións.

O Sr. Secretario manifesta: *Simplemente manifestar que, no relativo aos expedientes plenarios, o que debe formar parte do expediente plenario é o ditame da Comisión Informativa e non os debates e demais cuestións que puideran ter lugar no seo da Comisión. Evidentemente, eso non impide que, si as actas das Comisións Informativas están xa preparadas, se poida acudir aos secretarios das distintas Comisións para facerse por parte dos Concelleiros coa correspondente acta; é dicir, non hai ningún impedimento legal nese sentido, pero no que se refire ao expediente plenario, o que debe de figurar é a certificación do ditame da Comisión Informativa.*

A continuación, o Sr. Secretario da lectura ao contido do ditame da Comisión Informativa de Promoción Económica de data 29-07-09.

Toma a palabra o Concelleiro do Partido Popular, Sr. López Campos: *Boas tardes. Eu creo que é de xustiza expresar cal é o noso punto de vista, porque, aínda que no fondo podemos coincidir os grupos políticos que temos representación no Concello, dende*

logo, no que non podemos coincidir e estar diametralmente opostos é no tema das formas. Eu creo que nos debe de servir de lección e aprender dos erros cometidos e, dende logo, non foi adecuado e exitoso a actitude que tivo o grupo de goberno municipal nestas últimas tres semanas con respecto á Cidade do Moble. Xa que non teño a posibilidade de que se fagan públicas e que se dean lectura ás actas das Comisións, quero facer un resumo do que se manifestou por parte do Partido Popular nesa Comisión deixando claro que sempre mantivemos un sentido estrito de respecto cando se pediu por parte do goberno municipal (cando coincidía o tipo de goberno bipartito deste Concello e o da Xunta de Galicia) unha especial sensibilidade e esforzo para non politizar o tema da Cidade do Moble, e, dende logo, defraudoume (creo que non falto so por boca do PP, senón por todos os veciños) a actitude partidista e inexplicable que tivo, sobre todo, o Partido Socialista no tema da Cidade do Moble, dando validez a unhas declaracións dunha Asociación que, no seu lexítimo interese de defender de que o proxecto non se instale en Lagartóns, trasladou unha opinión do goberno da Xunta que non era real e que lle bastou ao goberno municipal para acollerse a un cravo ardendo e intentar desgastar e entrar directamente na confrontación política contra o que, hoxe en día, parece o seu máximo inimigo e que é o Partido Popular, todo o que veña do PP parece que sona bastante mal e produce efectos negativos na parte socialista do goberno.

O que si está claro e quero deixar moi claro é que neste proxecto hai dúas partes ben diferenciadas: sempre quixemos eliminar a parte competencial do BNG, que, aínda que con certas demoras entendibles, intentou puxar por este proxecto; e a parte socialista que, inexplicablemente, o único que fixo foi poñer atrancos e trabas constantes para que este proxecto non fora unha realidade. Isto é o noso pan de cada día, a actitude socialista (non so en Galicia, senón tamén na Estrada) de predicar unha cousa e facer exactamente a contraria, polo tanto a nós xa non nos estraña en absoluta na Estrada porque xa o vimos sufrindo durante estes dous anos, pero vemos que o “pachivasquismo” na Estrada tamén se está a impoñer, quedando claro cales son os seguidores de Pachi Vázquez. É conveniente que todos nos coñezamos e saibamos quen somos. O Partido Socialista da Estrada mantivo co seu silencio e complicidade unha gran farsa no proxecto da Cidade do Moble, e é unha pena que non o queiran recoñecer publicamente que o intentar manipular e coller a bandeira de algo que non lle correspondía, tan so por interese partidista e por desgastar ao Partido Popular; é unha pena, porque tiveron a oportunidade de entoar ese “mea culpa”. Está claro que esa farsa na que participou o Partido Socialista da Estrada e que orixinou o Partido Socialista a nivel galego, chegou ata tal punto que o propio Director Xeral (que asinou o Decreto de anulación do trámite medio ambiental e da modificación do proxecto sectorial da Cidade do Moble o día 4 de febreiro) fai peregrinar aos empresarios en Ourense e reúnese con eles (10 días despois da sinatura deste Decreto) para contarlle unha gran mentira e dicirlles que o proxecto estaba avanzando e que había que facer certas modificacións no proxecto medio ambiental para que cumprira cos requisitos, a gran mentira que despois intentan manipular para volvela en contra do Partido Popular. O que está claro que ao Partido Socialista non lle debe interesar moito, cando hoxe en día o Alcalde pide unha reunión exclusiva co Conselleiro que ten, neste caso, as competencias neste proxecto, e o único que traslada aos medios é o que lle preocupa agora (precisamente agora), é dicir, o segundo tramo da autovía, cando o retrasou durante tres anos o Partido Socialista en Santiago, ca complicidade do Partido Socialista da Estrada; pero agora preocúpalle, hai que facer en cen días o que non se fixo en catro anos ese Partido Socialista, cando o que fixo foi retrasar esa infraestrutura; e, agora, o traslada aos medios de comunicación, como a Cidade do Moble xa non interesa, hai que abrir novos frontes e empezan a abrir novas vías de comunicación, novos proxectos de infraestruturas. O que está claro é que non lle preocupada nada, se puxo ao fronte para manipular aos empresarios para levalos a Alcaldía a contarlles unha serie de mentiras, para cando tivo que dar a cara ao Consello Económico Social, unhas pequenas décimas de febre lle impediron a esa reunión da que, seguramente, no se podería sacar nada en positivo; tampouco estivo na Comisión Informativa e, por suposto, hoxe non asiste ao Pleno municipal porque, supoño, que terá cousas máis importantes que facer, e, polo tanto, estamos ante un goberno so lle preocupan as cousas unha vez pasadas e cando os seus amigos non están no goberno. Todo isto é triste, pero é realidade, e non hai máis que ver o que o Partido Socialista fixo na Estrada en catro anos e o que está a facer nestes dous anos no goberno municipal; proba disto é que agora hai que iniciar unha campaña de desgaste contra o Partido Popular,

cando o que estamos a facer é os deberes como Deus manda, estámonos a comprometer cos proxectos importantes e creo que o proxecto da Cidade do Moble é transcendental e fundamental, ten o noso compromiso e a nosa implicación, e que nós non intentamos manipular presentando unha iniciativa alternativa ás dúas que se presentan polo goberno da Estrada: por unha parte o Partido Socialista presenta unha iniciativa de apoio, e o BNG presenta outra, non son capaces de poñerse de acordo para presentar unha iniciativa conxunta.

Nós propuxemos no Consello Económico e Social e na Comisión que se eliminaran da Orde do Día as dúas alternativas do Partido Socialista e do BNG, por coherencia e por sensatez, para facer unha moción conxunta que era o que se demandaba, non so os empresarios, senón todos os axentes económicos e todos os veciños da Estrada.

Quero dicir que polo Partido Popular se manifesta o compromiso firme e inquebrantable, non so neste proxecto, senón en todos os proxectos fundamentais para A Estrada, o noso compromiso, non cando deixe de estar o Partido Popular no goberno, senón o noso compromiso hoxe, cando está goberno o Partido Popular, á diferenza doutros.

Intervén o Concelleiro de CIDEGA, Sr. Reboredo Baños: *Ben, a miña pregunta sería: ¿cantas veces hai que instar á Xunta polo Polígono do Moble?, ¿vai a pasar o mesmo que para o patrimonio inmaterial?, é dicir, cántas máis veces pidamos, temos máis posibles de que se nos dea. Porque ao que hoxe asistimos aquí é para escribir outra carta aos Reis Magos, algo sobre o que xa tínhamos asumido, que xa estaba nun proceso avanzado e, polo tanto, todos habíamos feito os deberes, uns máis e outros menos; pero non, catro anos e pico despois estamos na mesma posición que estábamos, é dicir, reivindicando outra vez dende A Estrada a necesidade e urxencia de este proxecto vital para a nosa economía.*

É evidente que aquí hai un interese por manipular o tema de maneira descarada, e nós xa o víñamos advertindo dende fai moito tempo, é dicir, nós fomos o primeiro grupo que nesta Corporación lle preguntou en dúas ocasións ao Sr. Alcalde pola Cidade do Moble, e recordo que este portavoz, na última ocasión, nas vésperas do Pleno anterior ás eleccións autonómicas, preguntoulle: ¿Sr. Alcalde, é vostede consciente que levou aos empresarios de Lagartóns a Ourense a unha peregrinaxe para ver se se lles aparecía San Pachi?, e el díxome: “Contestareillo por escrito”; contestounos por escrito e esa contestación dicía: “A partires de agora a quen lle corresponde seguir cos trámites da Cidade do Moble é ao novo goberno autonómico”, isto foi á semana seguinte das eleccións; por tanto, nós xa denunciámos no seu momento que o Sr. Alcalde había enganado ao pobo da Estrada e aos empresarios de Lagartóns cando os levou a Ourense e alí lles ofreceron cartos a montes e moreas, e díxolles o Sr. Conselleiro: “hai un problema medio ambiental pero o imos a arranxar con dous, tres, catro millóns de euros que poñerá a miña Consellería para darlle solución ao tema”. Iso era a prórroga que quería o Sr. Pachi, porque lles dicía que tiñan que esperar un mes polo informe medio ambiental, e aí estaba a trampa, porque o Sr. Pachi xa era consciente que perdía as eleccións autonómicas e, en todo caso, se non as perdía, non ía a repetir como Conselleiro de Medio Ambiente e, polo tanto, quitábase un problema de enriba.

Hoxe tamén nos estraña aquí a covardía (e dicímolo en termos honesto) do Sr. Alcalde coa que ...(respectando as súas vacacións), parécenos chocante que non asista ao Consello Económico e Social, que non presida a Comisión de Industria e que hoxe non asista ao Pleno cando onte aínda tiña a sinatura neste Concello, e se non tiña a sinatura, estaba no termo municipal e en Santiago de Compostela, iso o recollen os medios de comunicación. Por tanto, se tanto in terese ten para A Estrada este polígono e o Alcalde ten tantas explicación que dar, debería estar aquí, porque é o máximo responsable da situación que vivimos con ese tema; ademais, foi el quen tirou a pedra, estábamos todos caladiños e tranquilos ata que o Sr. Alcalde saltou fora do testo e nos creou un grave problema, deixounos perplexos.

En definitiva, en catro anos non avanzamos absolutamente nada e desexamos e esperamos o que dixemos fai uns días, que sexamos claros cos veciños, que se diga se o Polígono se pode facer ou non en Lagartóns, se se pode facer que se faga, e se non se pode facer, pois que non se perda máis tempo. A ningunha destas preguntas temos hoxe contestación, porque non temos todos eses informes sobre a mesa. Por tanto, non nos queda máis remedio que votar, por trixésima vez, instar á Xunta de Galicia para que considera a Cidade do Moble como un proxecto sectorial e importante para A Estrada e para Galicia.

Esperemos que sexa á última votación, pero se temos que volvelo a facer, agora estamos preparados.

Intervén a Sra. Raquel López Doce: *En todo caso, creo que todos os grupos que compoñen esta Corporación municipal desexan que este sexa o último acordo de apoio desta Corporación (é xa o terceiro) á execución do Polígono Sectorial Cidade do Moble en Lagartóns. Simplemente quero comentar que é unha pena que se desaproveitase o consenso que pediron os representantes do tecido económico estradenses, representados no Consello Económico e Social, e que houbese por terceira vez este debate cos mesmos argumentos, nin o grupo socialista nin o BNG imos a redundar outra vez, nin volver a comentar os datos e os feitos que son constatables.*

Non habendo máis intervencións, a Corporación adopta, por unanimidade, os seguintes ACORDOS:

1º.- Manifestar novamente o apoio da Corporación do Concello da Estrada ao Proxecto Cidade do Moble a emprazas en Lagartóns.

2º.- Demandar da Xunta de Galicia o recoñecemento do carácter prioritario deste proxecto para A Estrada e para o sector do moble galego.

3º.- Instar á Xunta de Galicia a que inicie a execución do Proxecto Sectorial "Cidade do Moble" incluíndo no mesmo todos os equipamentos, servizos e dotacións cos que foi deseñado e que lle dan o carácter sectorial.

4º.- Remitir este acordo ao Presidente da Xunta, D. Alberto Núñez Feijoo, e ao Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, D. Agustín Hernández Fernández de Rojas.

5º.- Remitir este acordo aos portavoces parlamentares dos tres partidos con representación no Parlamento Galego.

En relación cos seguintes dous puntos da orde do día (5º e 6º), deciden os Sres. concelleiros que, aínda que si procedendo a unha votación separada da cada un deles, previamente o debate se realizará de xeito conxunto.

5º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DESFAVORABLE DA COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, RELATIVO Á GRATUIDADE DOS LIBROS DE TEXTO NO ENSINO OBRIGATORIO (SOBRE UNHA PROPOSTA FEITA POLO PP).-

6º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME FAVORABLE DA COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, RELATIVO Á GRATUIDADE DOS LIBROS DE TEXTO NO ENSINO OBRIGATORIO (SOBRE DÚAS PROPOSTAS FEITAS POLO PSdeG-PSOE E BNG).-

Toma a palabra o Sr. Secretario: *En relación co 5º punto da Orde do Día, obra no expediente o ditame desfavorable da Comisión Informativa de Cultura. O ditame foi rexeitado polos votos en contra do PSdeG-PSOE e BNG, e contou cos votos favorables dos Concelleiros de PP e CIDEGA.*

En canto ao 6º punto da Orde do Día obra no expediente o ditame favorable da Comisión Informativa de Cultura, aprobado polos votos a favor dos Concelleiros de PSdeG-

PSOE e BNG, e cos votos en contra dos Concelleiros de PP e a abstención do Concelleiro de CIDEGA.

Intervén o Sr. López Campos, Concelleiro do PP: *A nosa intervención vai a ser un pouco na liña de buscar o que nós cremos que é a coherencia perdida, que ven a demostrar ultimamente o goberno municipal. Eu nin discuto que hai aspectos nos que o Partido Popular discrepa totalmente cos criterios do Partido Socialista e do BNG, pero creo que non debemos de perder a perspectiva de que os partidos estamos para intentar buscar cousas positivas e, sobre todo, é difícil saír dos localismos en política municipal xa que debemos de ter confluencia de proxectos e iniciativas que, seguramente, coincidan no ideario político de todos os partidos político; e, nesa liña, eu quero criticar duramente a actitude hostil que está a ter o goberno municipal co goberno da Xunta de Galicia e coas súas actuacións, paréceme que politicamente é moi pouco intelixente por parte deste goberno a hostilidade que está a demostrar diariamente contra o goberno da Xunta de Galicia, porque aínda que non sexa o goberno amigo (que vostedes trataron tanto de difundir), agora, despois dun proceso electoral, goberna o Partido Popular (cousas da democracia), e o PP que goberna na Xunta de Galicia pode ter un papel decidido no que se refire á dinamización e potencialización de proxectos que sexan de interese xeral para A Estrada. Polo tanto, discrepo moitísimo da política brutal de ataque contra o Partido Popular e contra a Xunta de Galicia, e creo que pouca rentabilidade vai a sacar o goberno da Estrada levando esta liña.*

O encabezamento anterior o fago porque me preocupa moito e, seguramente, poderá dificultar bastante a sintonía entre a Xunta de Galicia e o Concello da Estrada, xa non a houbo en catro anos de goberno bipartito e pídolles que non cometen outra vez o mesmo erro e, se non tiveron esa posibilidade cando os seus socios estiveron no goberno, non arremetan agora constantemente contra o Partido Popular porque, seguramente, non lles vai a traer absolutamente nada positivo. Todo isto o digo buscando a practicidade dos políticos, os políticos debemos de ser prácticos e intelixentes, por iso parécemos unha perda de tempo que o goberno se afane en presentar unha moción sobre unha decisión que xa está tomada polo goberno autonómico. O goberno autonómico tomou xa unha decisión de eliminar o sistema de gratuidade dos libros de texto e iniciar outro máis solidario nos tempos que corren. Pero o Partido Socialista e o BNG se empeñan constantemente en ir a contracorrente, e cando tiveron a oportunidade de ir a favor da corrente non o aproveitaron e agora votan en contra de todo. A proposta que presenta o Partido Socialista e o BNG é ilóxica e irracional xa que a decisión está tomada, a Xunta de Galicia anulou a decisión anterior e, polo tanto, de pouco vale que este Concello tome o acordo de instar á Xunta de Galicia para que non anule o sistema anterior; o sistema anterior está anulado e a Xunta de Galicia tomou o acordo de fixar un novo sistema que é máis xeneroso e que, dende logo, é máis progresista, axudando ás persoas que máis necesidades económicas teñen. Como todos os sistemas universais teñen os seus problemas, todos sabemos cal é a forma que entende o Partido Socialista e o BNG de utilizar o diñeiro público de todos os contribuíntes, todos sabemos que non son os paradigmas da austeridade nin da boa xestión (as probas están aí para velo e comprobalo, está claro que vostedes non poden ser os garantes dunha boa xestión), polo que o Partido Popular, cando adoptou un firme compromiso con todos os galegos para xestionar de forma eficaz e austera os recursos de todos os cidadáns, ten que tomar medidas, e unha das medidas é anular a gratuidade universal dos libros de texto e que as persoas que máis teñan aporten ao sistema para que os que menos teñan poidan ter os libros gratuítos.

Nós estamos totalmente de acordo (como non pode ser doutra forma) con este novo sistema, parécenos que está na liña do trasladado aos cidadáns nas eleccións do 1 de marzo e, unha vez que esta decisión está tomada, o máis práctico é sumarnos a esa iniciativa e instar á Xunta de Galicia para que o diñeiro que se aforra (o PP toma unha medida na que se aforra unha cantidade importante de millóns de euros, en contra da xestión do bipartito) se destine a suplir as carencias dos centros educativos; xa sei que o mantemento dos centros educativos é unha responsabilidade da Xunta e da Consellería de Educación, pero tamén sabemos todos que non é así, que por desgraza non sucede así, xa que os recursos son limitados e os centros educativos non teñen ben cubertas as súas necesidades que dificultan o día a día do sistema educativo. Polo tanto, pretendemos impulsar dende este Pleno unha iniciativa para que, unha vez tomada esa decisión (que vai a ser irrevogable, por moitas decisións que tome o Concello da Estrada) que se aproveite ese aforro para reinvestir ese diñeiro en obras e reformas dos centros educativos, porque, por desgraza, todos sabemos que na Estrada temos varios centros

educativos e, moitos deles, teñen deficiencias crónicas herdadas de fai moito tempo e que causan un serio prexuízo aos docentes e ao profesorado.

Na liña anterior, nós pretendemos apoiar a decisión intelixente tomada polo goberno da Xunta e que esta aplique a diferenza orzamentaria entre o sistema de gratuidade, o sistema solidario que se pon en marcha e o sistema de préstamo á mellora dos centros educativos e outros servizos, como poden ser os comedores escolares ou transporte. Esa é a nosa proposta e, dende logo, estamos a favor de que o Pleno da Corporación, o Partido Socialista e o BNG sexan sensibles coa realidade e, aínda que voten a favor da súa proposta, deben reflexionar sobre cal é o calado da moción que van a presentar e cal é o calado da moción que presenta o Partido Popular; a primeira delas quedará nunha simple moción que morrerá no Pleno de hoxe e a o PP é unha visión estratéxica de futuro para apostar polas reformas nos centros educativos e mellorar a calidade dos mesmos. Supoño que o Partido Socialista e o BNG non estará en contra de que a Xunta inverta vinte e un millón de euros nesas pequenas reformas dos centros educativos, outra cousa será de que por intereses políticos non lles interese e voten en contra da iniciativa do Partido Popular, co cal saberemos que a vostedes realmente lles importa é defendes os intereses políticos en vez de defender os intereses xerais.

Toma a palabra D. José M. Reboredo Baños, Concelleiro de CIDEGA: A nós sorpréndenos, unha vez máis, o bigoberno, porque é curioso como os dos socios de goberno non se poñen de acordo previamente para presentar unha moción conxunta e debater cos demais grupos, e isto ven pasando reiteradamente con outros temas provocando unha dualidade en todas as Comisións. Está claro que non hai coherencia por parte do goberno municipal, neste caso se reflexa nas mocións, porque sempre estamos a escoitar do Partido Socialista e do BNG que “o que máis ten, máis debe pagar” (algo xusto nun estado de benestar), sen embargo aquí atopámonos cun criterio totalmente ao revés, é dicir, “aquí chocolate para todos”, o que máis ten terá os mesmos dereitos que os que menos teñen.

A nós parécenos que este novo sistema é máis xusto, máis entendible pola sociedade, poderíamos estar ou non de acordo cos tramos que están fixados no Decreto, pero estaríamos dispostos a apoiar unha moción onde se incrementasen as partidas ou contías mínimas para intentar buscar un equilibrio, pero o que está claro e ilóxico é que unha familia que teña uns ingresos de 300.000 euros teña unha gratuidade do 100% nos libros de texto comparándoa cunha familia desempregada ou teña uns ingresos anuais de 15.000 euros.

Por outra banda, é curioso como o goberno municipal fala, neste caso, de gratuidade para todos e, sen embargo, nas becas que ten no Conservatorio, si que fixa uns niveis de renda como punto de partida para a concesión de axudas. Por todo, vese que non hai un criterio fixo.

Por tanto, vese que a decisión está tomada, nós, persoalmente, aplaudimos a decisión porque van a quedar máis recursos para destinar a outras carteiras educativas ou asistenciais, mentres que da outra forma non se terían. Polo tanto vamos a votar a favor da moción do Partido Popular e en contra da do goberno municipal.

Intervén o Concelleiro do PSdeG-PSOE Sr. Otero Espiño: Cada un arrima a brasa a súa sardiña e falando de incoherencias, aquí se dixeron un montón delas. Vamos a ver Sr. López e Sr. Reboredo, primeiro teño que felicitalo polo discurso que deu ao entrar neste punto facendo vostedes un petitorio e pragmatismo político, e non pode dicir que non sexamos pragmáticos, porque queremos continuar cunha liña de axuda universal (gratuidade nos libros de texto) e que vostedes non lle fixeron oposición algunha cando foi adoptado polo anterior goberno executivo. Dicirlles tamén que non hai ningunha hostilidade contra a Xunta de Galicia, estamos en guerra contra todos aqueles proxectos políticos que poidan atentarse contra os intereses dos estradenses; neste caso non se trata dun tema exclusivamente estradense, senón universal de toda Galicia, e cremos que debemos de ser solidarios e defender isto. Nós non fomos os que acuñamos o termo de “goberno amigo”, máis ben acuñástelo vos no goberno de Fraga que andaba en Madrid (vaia amizades) e, evidentemente, non é que haxa desentonía, a desentonía é cando se van creando noticias que provocan alarma e unha certa preocupación na cidadanía, entre elas atopamos esta sobre os libros de texto que, aínda que non crea esa alarma, pero si é insatisfactoria dende o punto de vista que nós cremos.

Vostede na súa exposición de motivos da carácter finalista á decisión que tomou a Xunta, sen embargo hai moitas decisións que se teñen tomado nesta Corporación e despois foron modificadas, polo tanto unha decisión corríxese con outra. Tamén di vostede que é unha

estratexia de futuro e eu non sabía que esta Corporación da Estrada podería ten tanto peso para mudar o modelo de país a nivel de toda Galicia.

Eu quero mostrar a miña solidarizade como profesional do ensino público a un sistema universal, gratuío e de calidade, e estas medidas me parecen sempre un paso atrás. Cada conquista social que se fixo neste país sempre veu alguén para dar marcha atrás, por exemplo, na Sanidade coas fundacións, e digo agora na gratuidade dos libros de texto, tema que foi unha conquista importantísima neste país, sendo Galicia a primeira en aportacións a familias sen axudas, e nestes momentos estamos a dar un paso atrás. Mire, que me diga vostede que é máis xusto e solidario que o anterior préstamo universal, entón, nese criterio seu da xustiza, retírelle aos pensionistas a gratuidade dos medicamentos e que teñan que pagar en función dos seus niveis de rendas, e que teñan que pagar, segundo os seus niveis de rendas familiares, o transporte e os comedores escolares. Oia, a Sanidade e a Educación son os dous grandes logros do estado de benestar, pois, nese acto solidario, a gratuidade para os pensionistas ou a bonificación á Seguridade Social que non sexa universal, que sexa en función do nivel da renda. E para equilibrar o nivel da renda xa está Facenda, o resto son contistas sociais que chegaron cun goberno de progreso. Ademais di que as familias coas rendas máis baixas serán as máis beneficiadas, pero e que van a ser as únicas. Vostedes se apoian nunha enquisa e, evidentemente, se vostedes lles preguntan aos “okupas” e aos que non teñen vivenda o que opinan sobre a retirada dun segundo piso a outros cidadáns, evidentemente vanlle a dicir que si; por iso, as enquisas son segundo como se miren.

Di tamén: que os alumnados ían a ter unha axuda especial, pero é que xa a tiñan; que se consiga unha mellor conservación dos libros, ante isto, evidentemente, ao darlle un único uso dun ano, os libros quedan conservados e arquivados, hai maletas de libros escolares almacenados; que se favorezan as bibliotecas familiares nos fogares, mire, se fora un profesional da educación como eu, sabería que os rapaces utilizan os libros nun determinado momento e despois os arquivan e non se volven a utilizar máis, porque se estamos nun estado de acadar, cada vez máis, un nivel de estudos superiores, os libros da primaria e da secundaria non son máis que un recordo, nada máis. Por outra parte, nos primeiros ciclos da primaria, os rapaces traballan nos mesmos libros a pesares da gratuidade. Con respecto a que se devolva a estabilidade en todo o sector do libro, teño que dicir que, en todo caso, se devolve a estabilidade ao mundo editorial, pero non ao mundo do libro.

En calquera caso, hai algo que non me cabe a min na cabeza, vostede di que van a beneficiarse un 40% das familias con estas axudas. Se facemos unha simulación en números redondos e poñemos cen alumnos da ESO e unha media de 200 euros por familia para a adquisición dos libros (1º, 2º, 3º e 4º) daríanos un gasto por curso de 800 euros por alumno, e se multiplicamos por 100 daríame 84.000 euros nese curso para abastecer a eses 100 alumnos da ESO. Ven, vostede di que se beneficiaría o 40%, o que significaría douscentos, outros douscentos, outros douscentos, etc., que habería que darllos ese ano e que nos daría $800 \times 40 = 32.000$ euros; pero é que pasa o seguinte, e que na gratuidade os libros estaban nos centros educativos e tiñan unha validez de catro anos, pero agora se van a entregar estas axudas ano a ano, polo que me da 128.000 euros, e non sei de onde saca vostede o aforro, salvo que o número de familias beneficiadas se reduza drasticamente e non alcance nin o 40 nin o 30 por cento, porque as contas son fáciles e isto o entende calquera de estudos primarios, non fai falla estar licenciado en económicas nin en empresariais, así son as cifras; cen alumnos simulados para iso e beneficiados para catro anos dan un custo de 80.000 euros, e o 40% nesa situación daríame 128.000, corenta e oito mil euros máis, así de simples son as sumas e as restas.

Dende logo, nós seguemos apostando por un ensino público de calidade gratuío e universal.

Toma a palabra a Sra. Alcadesa en funcións, Dña. Raquel López Doce: *Creo que podemos intervir en calidade de coautores da moción. Evidentemente, o grupo socialista acaba de clarificar bastante a moción, pero teño que dicir que a decisión é politicamente adoptada e non formalmente adoptada, xa que se comunicou no Consello Escolar de Galicia pero non se adoptou aínda ningunha decisión; tanto é así que presentaron vostedes esta moción nunha Comisión Informativa a semana pasada e unha das razóns que argumentan na exposición de motivos xa se lles caeu, é dicir, está tanto sen definir o sistema que vostedes alegaban (se non me falla a memoria) que ía a supor menos carga de traballo para os centros escolares cando nós enteámonos nesta mesma semana que vai ser, en vez de por transferencia, a través de cheques nominativos a entregar nos centros educativos. O anterior é unha mostra máis do paso*

atrás que supón a xestión do Partido Popular. É unha decisión política, están a cumprir o seu programa, pero tamén teñen que comprender que o resto dos grupos políticos (neste caso o BNG coincide co Partido Socialista, por iso apoiamos a implantación deste sistema de gratuidade) defendamos un sistema que consideramos mellor en base ao que as familias estradenses, se o ano pasado non tiñan que gastar nada nos libros, agora o 75% delas van a ter que pagar os libros, e se a situación económica da Estrada e moi boa, sería o 40% ou 60%, pero iso non di nada positivo da situación económica estradense. En todo caso non se pode dicir que é progresista un recorte de dereitos, isto xa o manifestamos na Comisión Informativa pero a vostedes parece que non lle quedou nada claro. Deuse un paso adiante equiparándonos a outros países europeos, un paso máis para garantir ese dereito por medio da facilitación dos libros de texto ao alumnado do ensino obrigatorio, e agora véndese un recorte como algo de progresismo, dicindo que se lle van a dar os libros ás persoas que o máis o necesitan, pero é que xa os tiñan, non se lles dando nada, senón que se lles está a quitar a un número importante de familias (creo que está cuantificado en 85.000 familiar) un dereito que xa tiñan adquirido, e pregunto: ¿para que), pois, para nada, como a conta que acaba de facer o portavoz do Partido Socialista, conta que nós tamén tiñamos feita, pero non vamos a repetir aquí os números, pero onde queda evidenciado que o gasto público é superior con ese sistema, sistema co que se vai a chegar a un 25 ou 40 por cento como máximo das familias ás que se chegaba antes. É dicir, se iso é boa xestión, pois que o valore a cidadanía. Vostedes colleron aí o latigillo da campaña famosa que se fixo en base a dúas ou tres cuestións pero creo que sabe vostede que se pode enganar a unha persoa durante un tempo, pero non a todo o mundo, e creo que van por mal camiño se seguen insistindo.

Reiterar que esa situación está politicamente tomada pero non se implantou aínda e está a tempo de ser corrixida, polo que, nese senso, vai a moción que se vai a votar de seguido, consistente en que non se suprima o réxime de gratuidade e, como lle manifesta na Comisión Informativa, mal imos se dende o Partido Popular da Estrada temos que solicitar á Consellería que inverta nos deteriorados centros de ensino públicos, mal se a Consellería non o ten previsto facelo.

Intervén novamente o Sr. López Campos: *Supoño que o ten previsto facer durante estes catro anos, pero a realidade é que o problema existe, pero non existe por lle vai mal a Galicia ou porque o Partido Popular non o faga, senón porque o bipartito non o fixo. Os centros educativos están nunha situación deplorable. Supoño que o Partido Socialista non ten tempo para pararse neses temas porque están ocupados noutras cousas, pero eu sei que vostede si tivo a oportunidade de reunirse coa Asociación de Pais para trasladarlle a problemática que hai nos centros educativos, seguro que non lle dixeron absolutamente nada, senón nolo din todo a nós. Dende logo, o estado dos centros educativos é bastante lamentable e, polo tanto, é responsable da Xunta de Galicia, pero tamén é responsabilidade do grupo de goberno, e non agora, senón tamén antes. Vostedes teñen unha memoria selectiva impresionante, so se acordan do dos demais e cando gobernan vostedes resulta que non fan nada mal, pois o deterioro dos centros educativos non foi porque houbera un terremoto a semana pasada que quedarán lastradas as súas edificacións, senón que veñen arrastrando un déficit de infraestruturas dende fai anos, tema no que teñen vostedes unha responsabilidade importante e que non asumiron. Estamos a pedir que, a parte dos recursos que xa están consignados, se incorporen recursos extras para poder acometer esas reformas moi importantes.*

Sr. Espiño, vostede é de letras porque xa se expresa mal, pero é que cos número aínda peor. O aforro co sistema son vinte e catro millóns de euros (cando queira séntome con vostede e explícolle en qué consiste o aforro). Xa sei que para o bipartito (Partido Socialista e BNG) 24.000.000 euros é un lixo, teñen tirado bastante máis en cousa innecesarias e non coñecen vostedes a valía do diñeiro público. Eu acepto como un consello o de que non pode enganar a ninguén durante moito tempo, porque vostedes teñen experiencia neso, xa que enganaron durante catro anos e tocaron moqueta, perderon o norte e perderon a credibilidade pouca que tiñan durante a oposición e non puideron enganar máis; isto pasa tamén na Estrada, o Partido Socialista so serva para estar na oposición pero non gobernar, iso é o problema, e cando toca gobernar hai que aplicar criterios distintos e que son os que se están a aplicar agora.

Eu non quero perder o tempo en declaración e coa demagogia barata. O Sr. Espiño está no seu papel do que fai habitualmente e eu non vou a perder máis tempo con iso. A min que me compare a gratuidade dos libros de texto co tema do sistema sanitario universal público é o colmen da súa demagogia barata e de verdade que eu non estou pola labor de perder un so

segundo, xa que se enroca nas súas posicións e o único que ven aquí é a falar un falar barato sen ningún contido, e creo que a forma de gobernar debe ser outra totalmente distinta. Eu digo que este sistema é xusto, estamos nunha grave crise económica, hai que xestionar os recursos públicos con austeridade e eficacia. Todos sabemos como están as contas públicas, sabemos cal é o decrecemento das contas públicas a nivel nacional, sabemos cal é a situación financeira da Xunta de Galicia, sabemos cales son as situacións financeiras dos Concellos, e creo que calquera euro que se xestione e inverta hai que fiscalizalo de principio a fin sabendo moi ben onde se inverte ese diñeiro, e agora mesmo é o momento de fiscalizar o gasto, agora mesmo é o momento de tomar medidas, sen lastrar os beneficios das familias de menos rendas e cun perfil económico baixo, para facer que as rendas máis altas teñan uns beneficios e as rendas máis baixas se vexan máis beneficiadas. Neste caso non é xusto que un obreiro que traballa nunha liña de produción e gane 600 euros teña os mesmos beneficios sociais en materia de libros de texto que un empresario que gana 600.000 euros, non é xusto nin defendible, nin entendible, e a sociedade así o percibe. Ademais non poden dicir vostedes que nós vimos aquí a enganar moito durante moito tempo, xa que isto o levamos nós no programa electoral e nós cumprimos co programa, ademais voume a encargar de traerlle os seus programas electorais para ver o que cumpriu o Partido Socialista e o BNG na Estrada nos dous anos e pico de goberno que leva, voullos a traer e analizar, un por un, os puntos que cumpriron. O Partido Popular leva un compromiso electoral, gana as eleccións, e en cen días prometeuse a facelo e o fixo. Entón, nós non enganamos a ninguén, nós facemos o que dicimos, ao contrario que vostedes, porque se lle está pegando demasiado o vicio dese sillón, é mellor que non o ocupe durante moito tempo porque, ao mellor, se lles pegan os malos vicios, e dicirlle que non se pode é estar constantemente instalados nesa situación de crítica destrutiva política sen pensar nas repercusións dos feitos que cada un.

Nós temos claro que non apoiamos en absoluto (dicímolo claro e alto) a iniciativa do Partido Socialista e do BNG, non apoiamos o sistema universal de gratuidade (que máis ben era de préstamo), estamos a intentar comparar por interese dous sistemas totalmente diferentes, porque non ten nada que ver o sistema de aluguer co sistema de gratuidade de libros (a vostedes lles interesa comparalo), son sistemas que cumpren cas necesidades reais da sociedade e cunha xestión dos recursos públicos eficaz e austeras. Polo tanto, está claro que non imos a apoiar a iniciativa do Partido Socialista e dicimos que un día se dedique a escribir cantos ceros hai en vinte e catro millóns de euros para ver se se dan conta do valor do diñeiro, porque parecer ser que cando vostedes xestionan diñeiro público teñen algo destorsionado o valor.

Volve a tomar a palabra o Concelleiro de CIDEGA, Sr. Reboredo Baños: *Creo que non ten moito sentido enrocarnos no tema, pero hai dúas precisións que queremos facer e comentar ao Sr. Espiño:*

Falaba vostede do dereito a un sistema universal do ensino gratuíto e obrigatorio e, efectivamente, é un dereito constitucional, e digo que tamén recolle a Constitución o dereito á vivenda e non regalamos a vivenda, senón que damos acceso a vivenda a familias con recursos determinados en base a un baremo da renda, porque (como ben di vostede) a renda iguálanos a todos e, a partires de aí, todos temos os mesmos dereitos, entón, calquera veciño da Estrada poderá entrar nas mesmas condicións no reparto dunha vivenda porque é un dereito constitucional, e isto non é así, porque estamos a falar de optimizar recursos e, polo tanto, os sobrantes dedicalos a outros programas que tamén son necesarios e útiles.

Non entendo as súas razóns neste sentido. O fin de semana pasado saíu unha enquisa onde di que o 57% dos enquisados manifestaron que estaban de acordo co novo sistema de gratuidade, por tanto, entendemos que iso é o que demanda o sentido común da cidadanía e, en consecuencia, nós tamén vamos a sumarnos a ese novo sistema de gratuidade de libros no ensino primario.

Novamente intervén o Sr. Otero Espiño: *Soamente quero dicir catro cousas (como solo falar barato entón vou a seguir falando barato):*

Claro que este sistema é xusto, porque é o que vostedes querían, pero non é xusto o que esperan os cidadáns do goberno nuns sistemas educativos e uns avances e conquistas que fixeron.

Recordar tamén o que se manifestaba aquí sobre que este grupo de goberno ten memoria selectiva, pero me da a sensación despois do que oín que outros padecen de amnesia,

porque dicir que os centros educativos se arruinaron nestes catro anos indican que moi mal tiñan que estar construídos nos trinta anteriores, moi mal tiñan que estar feitos para chegar a este nivel de deterioro tan catastrofista que nos dixeron fai un momento.

Ante unha reclamación do Sr. López Campos, continúa o Sr. Otero Espiño: *En primeiro lugar, non aludín a ninguén, so se dixo que nestes catro anos os centros non estiveron atendidos, non dixen quen, (que me perdoe o Sr. Secretario, pero na acta así se recollerá). Aquí se dixo claramente que nestes catro anos os centros chegaron a tal nivel de deterioro que estaban impresentables.*

Sr. López Campos: *Iso non é verdade, vostede está faltando á verdade.*

Continúa o Sr. Otero Espiño: *Aquí se dixo iso, polo que digo que son vostedes os que teñen amnesia. O que está claro é que se se deterioraron nestes últimos catro anos, automaticamente dedúcese que moi mal tiñan que estar construídos.*

Eu utilizarei un falar barato, pero aquí hai unha cantinela que se está a repetir reiterativamente, o que en musicalidade e nos cancioneros medievais chámasele “estribillo”, e de estribillos estamos ata o nome. Mire, de números quizá non saiba moito, pero cen por oitocentos.... teño que ir pola calculadora porque dáme catro ceros, ou sexa, oitenta mil, e vinte e catro millóns ten seis ceros, así que sei contar, Sr. López, aínda que non estou licenciado en Empresariais nin en Económicas, porque iso, como lle dixen, é de estudos de primaria; salvo que ese aforro de vinte e catro millóns puidera vir de que o nivel de axudas ás familias non acade o 40%, pero o que si lle digo con seguridade é que na Estrada hai moitas familias que nestes momentos (en situación de préstamo ou o que sexa) tiñan agora en setembro o inicio do curso gratuíto (no que refire a libros de escolaridade), e agora a primeiros de setembro van a ter que dispoñer de douscentos euros máis no seu peto por cada fillo escolarizado. Nada máis.

Intervén a Sra. López Doce, Alcaldesa en funcións: *Creo que está suficientemente debatido, de todas maneiras os dezaoito anos de experiencia política do Sr. Reboredo (seguramente empezou a informarse sobre os cidadás a temperá idade) lle farán saber do distinto nivel dos dereitos á educación e á vivenda, é dicir, saberá vostede que un se regula por Lei Orgánica e o outro non, hai unha pequena diferenza. De todos xeitos, o tema está suficientemente debatido e non imos a afondar máis.*

Sométese, en primeiro lugar, a votación o ditame da Comisión Informativa de Cultura do 29-07-09 relativo á moción presentada polo PP, non sendo aprobada polos votos desfavorables do PSdeG-PSOE (8) e BNG (3), e os votos favorables do PP (7) e CIDEGA (2), cuxa proposta se transcribe a continuación:

“Prégase ó Pleno do Concello de A Estrada que aprobe a moción de solicitar á Xunta de Galicia que aplique a diferenza orzamentaria entre o sistema de gratuidade solidaria e o de préstamo, á adquisición de material, á mellora das instalacións dos centros educativos e outros servizos como poden ser os comedores escolares ou o transporte. É dicir, que se faga unha reinversión desas cantidades na mesma Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.”

A continuación se procede á votación do ditame da Comisión Informativa de Cultura do 29-07-09 relativo ás mocións presentadas polo PSdeG-PSOE e BNG (que se transcriben a continuación), adoptándose o seguinte Acordo polos favorables do PSdeG-PSOE (8) e BNG (3), e os votos en contra do PP (7) e CIDEGA (2):

Instar á Xunta de Galicia, en base a que a educación constitúe un dereito básico e universal de toda a cidadanía, a continuar co modelo de gratuidade dos libros de texto no ensino obrigatorio impulsado polo anterior Goberno, na procura dun sistema educativo universal, de calidade e gratuíto para todos e todas.

FÓRA DA ORDE DO DÍA a Sra. Alcaldesa en funcións , solicita a inclusión do ditame acadado na Comisión Informativa de Promoción Económica do Concello da Estrada de data 29 de xullo de 2009, referente á figura do Ilustre Estradense D. Ramón Silvestre Vereá García :

A Sra. Alcaldesa en funcións somete a votación a urxencia do asunto, sendo aprobada por unanimidade.

A continuación se procede a votar a moción presentada, adoptándose, por unanimidade, o seguinte ACORDO:

Vista a exposición de motivos, baseada na importancia que a figura de Ramón Silvestre Vereá García, nacido en Curantes no ano 1833, ten para a reivindicación do espírito emprendedor dos estradenses e a dimensión universal deste persoeiro do noso Concello, inventor dun mecanismo tan fundamental para o desenvolvemento da nosa sociedade como foi a calculadora.

Visto o alto interese manifestado dende hai anos pola Asociación de Veciños de Curantes á hora de recuperar unha figura transcendental da nosa historia, así como as importantes achegas que dende o punto de vista teórico e técnico está a facer unha entidade da importancia do Foro Enrique Peinador, que considera que homes como Ramón Vereá, Enrique Peinador, Obella, Antonio Fernández, Isidro Parga Pondalo... e alén mar Xesús Canabal creando o Banco de Galicia, canalizador dos aforros galegos, supuxeron unha esperanza para un renacer da economía galega, tronzado unha e outra vez por filosofías de planificación económica alonxadas da realidade do País.

Visto que este Foro considera que o momento en Galicia é proclive. Porque a industria galega é hoxe punteira, e porque empeza a haber un empresariado receptivo á mensaxe de inculturizarse para universalizarse. Dous conceptos que non son antitéticos. Todo o contrario, a identidade serve para singularizarse dos mercados globais.

Tendo en conta que se Ramón Vereá, Obella Vidal, Parga Pondal e outros intelectuais ofreceron os seus coñecementos científicos para un desenvolvemento económico baseado nas potencialidades do País, Ramón Silvestre Vereá, segundo a biografía escrita por D. Olimpio Arca Caldas é, alá, no fondo da historia, o inventor singular –outro dos precursores o I+D+i- que fixo posible que a sociedade evoluisse, se modernizarse e entrase no século XX con novas tecnoloxías para o cálculo. Como o foi o matemático galego, contemporáneo seu, Vázquez Queipo, que formulou por primeira vez as táboas de logaritmos neperianos. Sen o instrumento de Ramón S. Vereá e as formulacións matemáticas de Vázquez Queipo, nin por exemplo o invento de Antón Beiras para corrixir anomalías visuais, posiblemente o home non chegaría á lúa hai corenta anos; posiblemente sería máis tarde. As computadoras e os cálculos matemáticos necesarios para chegar á sociedade do coñecemento da que hoxe disfrutamos, teñen en Ramón Vereá, un esteo fundamental.

Visto o ditame da Comisión Informativa de Promoción Económica de data 29-07-09.

ACORDAMOS:

1º.- Promover a iniciativa de colocación na parroquia de Curantes dun busto en bronce con pedestal en pedra, en memoria permanente do ilustrado estradense D. RAMÓN SILVESTRE VEREA GARCÍA, que lembre de forma permanente a vida e obra dun estradense exemplar, como un dos galegos fundamentais do progreso da ciencia moderna e con elo da sociedade moderna, para que sexa recordado por todos os estradense do presente, así como das xeracións videiras como exemplo de emprendemento, superación, amor pola súa terra.....

2º.- Con motivo da inauguración dos busto, promover a celebración dunhas xornadas no mes de outubro de 2009, que sirvan de encontro e debate sobre innovación e economía industrial, nas que o Concello da Estrada solicitará a colaboración da Xunta de Galicia, o Foro Enrique Peinador, do mestre e historiador D. Olimpio Arca Caldas (biógrafo de Ramón S. Verea), así mesmo, invitarase ao Concello de Santiago de Compostela, ás asociacións de carácter económico do municipio, da comarca e de todas aquelas entidades que desexen adherirse a estes actos. De xeito especial, estableceranse contactos con IBM España e entidades financeiras que poidan estar interesadas, buscando sempre unha óptima difusión dos actos a celebrar, así como o maior recoñecemento posible da figura do egrexio estradense.

B) PARTE DE CONTROL E XESTIÓN.-

7º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA DITADAS NO MES DE XUÑO DE 2009 (DO Nº 608 AO 734). Polo Alcalde-Presidente dáse conta ao Concello Pleno das Resolucións da Alcaldía comprendidas entre os números 608 e 734 (ambos os dous incluídos) correspondentes ao o mes de xuño de 2009.

O Pleno queda sabedor.

8º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Neste momento auséntase da sesión Plenaria o Concelleiro de PSdeG-PSOE, Sr. Manuel Otero Espiño, sendo as 21: 42 horas).

*** Solicita a palabra a Concelleira do Partido Popular, Sra. Goldar Soto:**
Quería facer un rogo en relación coa solicitude dun contedor de vidro para o lugar de Campos, parroquia de Guimarei. Entendo que é bastante necesario porque nesa zona non hai ningún contedor e teñen que ir coas botellas de vidro nos coches e transportalas ata A Estrada, non sendo demasiado custoso facer esta xestión de subministrar un contedor. A parte, os veciños de alí xa votaron un asfaltado para poder poñer o contedor e que se suxeitara.

*** Formula a Sra. Goldar Soto unha pregunta:** Teño unha pregunta: ¿a que corresponde a partida de 54.087, 26 € de data 07-05-09, en cuxo asento pon: honorarios recurso de D. José Manuel Piñeiro Amigo?.

Contesta a Sra. Alcaldesa en funcións: Teremos que contestarlle por que escrito, xa que se dará conta que é imposible sabelo agora.

Sra. Goldar Soto: E que é unha cifra moi elevada e non se especifica se é letrado ou non, tan só se pon “honorarios recurso”, co que entendo que posiblemente se trate dun letrado, pero uns honorarios por 54.087,26 €..... Todo isto é por seguir co plan de austeridade.

Sra. Alcaldesa en funcións: Contestarémolle por escrito con celeridade. En todo caso, vostede como letrada, sabe que as facturas corresponden ao que dita o colexio profesional , e non vamos a entrar a debate.

Sra. Goldar Soto: Por iso mesmo, uns honorarios de recurso que se eleven a 54.000 euros, ten que ser un recurso moi gordo.

*** Intervén a Concelleira do Partido Popular, Sra. Loureiro Méndez:** Eu quería facer un rogo sobre a farola que está no campo da festa de Cereixo e que está bastante fastidiada e vella, por iso se trata dunha petición de repoñela .

*** A Sra. Loureiro Méndez formula outro rogo:** Trátase de algo que xa comunicou o Alcalde de Barrio. O día de San Xoán todas as señais que está ao redor do cruceiro foron arrincadas, incluso as que drixen o tráfico en dirección a Callobre están tiradas polas fincas, polo que rogo que se repoñan

*** Toma a palabra o Concelleiro do PP, Sr. López Campos:** Xa que non se atopan o Sr. Dono e o Sr. Espiño cos que me gusta pelexarme nos Plenos , pois me acaban de fastidiar o Pleno, e, aproveitando que é o mes de agosto e o Alcalde está de vacacións, vamos a procurar ir nós tamén e estar todos en igualdade de condicións, aínda que algún o teñan merecido e outros non, independentemente de iso, está no seu lexítimo dereito.

En primeiro lugar quería ler literalmente un rogo que me trasladan (non é un rogo propio do partido) en relación á Biblioteca da Estrada:

“A Biblioteca da Estrada ven tendo un horario durante o período escolar de oito e media da mañá a dúas da tarde, abrindo de catro a nove, con este horario cóbrese as necesidades dos universitarios, opositores e demais estudantes da Estrada, sendo este un servizo moi necesario e utilizado por eles. A partires do mes de xuño este horario redúcese á metade co novo horario de verán, abrindo unicamente pola mañá, o que plantexa un problema para algúns estudantes debido a que a convocatoria dos exames dalgunhas universidades galegas remata o 3 de xullo e tamén algunhas oposicións realízanse nese mes. O problema agrávase coa convocatoria de setembro, debido a que ese horario de verán aínda está funcionamento cando queda menos dun mes para a realización dos exames oficiais, tanto nas universidades como nos institutos, e pouco máis dun mes para a Selectividade, sendo ilóxico nun nos períodos no que o servizo da Biblioteca estradense fai máis falla, os usuarios teñan recortado este servizo e aínda e máis paragóxico que se restaure o horario normalizado xusto cando moitas das probas xa remataron ou xusto nos días de realizarse, sendo a finais de setembro cando a maioría dos estudantes nin sequera teñen docencia .

Por iso rógolle que ante a proximidade destas probas, a Biblioteca comece a funcionar con total normalidade respecto ao seu horario, xa que é algo demandado polos estudantes e necesario para dar un mellor servizo aos estudantes estradenses, que son a maioría que utilizan este servizo.”

Facemos propio este rogo que, a parte, é un rogo redundante, xa non é a primeira vez que se producen estes feitos. Rogaría tamén ao Concelleiro Delegado que, tendo en conta as informacións e noticias que ultimamente están xurdindo en relación á Biblioteca Municipal, sería convinte convocar unha Comisión de Cultura para ver que se pode facer nesta Biblioteca. É certo que se trata dun dos servizos que máis queixas nos trasladan, hai unha certa inquietude social (sobre todo da xuventude) polo servizo da Biblioteca, non só polos horarios, senón tamén pola calidade do servizo que se presta, polo que me parece que sería suficientemente importante para debater e analizar cales son as propostas que se poden poñer sobre a mesa para mellorar ese importante servizo municipal

*** Continúa o Sr. López Campos formulando outro rogo:** Quería facerlle un rogo ao Sr. Espiño, pero non está, pero que llo traslade mellor o señor Sanmartín xa que vostedes non se falan habitualmente, entón será mellor que o Sr. Sanmartín llo traslade para que lle chegue en tempo e forma

Intervén a Sra. Alcalde en funcións: Vostede ten moito tempo libre, concrete o rogo.

Sr. López Campos : Eu non teño presa, porque non estou de vacacións e teño que traballar.

Sra. Alcalde en funcións: Os demais tamén, entón imos concretar .

Sr. López Campos : Eu non estou de vacacións e, como profesional, teño que preparar o meu traballo o mellor posible e teño que introducirlo.

Sra. Alcaldesa en funcións: Ben, pero sen tantas reviravoltas.

Sr. López Campos : E que me fai graza porque este é un tema que dou bastantes titulares ao Partido Socialista e que lle gustou, durante o tempo que estivo sen arranxar, dar moita titularidade política e, por iso, quería preguntarlle algo, porque seguramente el coñece mellor que ninguén esta foto da ponte de Caño Sifón cunha farola a piques de caer e cun socavón de dimensións importantes. Supoño que tamén lembrarán cando sucedeu da outra vez e da utilización política que se fixo antes da reparación, durante a reparación, da adxudicación e despois da reparación, e a idea do Partido Socialista naquel momento era o retraso na adxudicación, que a adxudicación era sospeitosa, despois que ían ir ata o final para saber do tema, etc. O que está claro é que levamos dous meses con esta obra e este tremendo burato co perigo que ten para a seguridade pública, e o Partido Socialista e o BNG non fixeron nada, de momento segue exactamente igual ou peor e, seguramente, nos poñamos a arranxalo cando haxa unha desgraza ou un problema que afecte á seguridade pública.

Por todo isto, lle rogo que cando demanden axilidade e os demais actuemos en 15 días, vostedes fagan o mesmo. Nós non demandamos que o fagan en quince días, pero si o máis pronto posible, xa que é un tema que deberían de poñerlle a cara colorada despois do que criticaron a o anterior goberno cando tardou quince días en arranxalo.

*** O Concelleiro D. José López Campos continúa con outra pregunta:** Quería facerlle unha pregunta ao Sr. Sanmartín en relación co rogo que lle fixemos no Pleno pasado: ¿tivo contacto coa Asociación de Pais do Colexio de Figueroa e cumpriu coa palabra dada de arranxar os desperfeitos?. Este pregunta, como dixen antes, ten relación co que se falou antes, onde eu desminto o que dixen de que todos os problemas dos centros educativos viñan dende fai catro anos, o que eu dicía era que había un atraso no caso das infraestruturas dos centros educativos e que era responsabilidade do goberno anterior (Partido Popular) e que o bipartito non fixera nada para cambiar esa situación , senón que seguía igual que antes, iso é que dicía eu antes.

Ben, pois agora quero dicir é se o Sr. Sanmartín cumpriu coa palabra dada máis dun ano de que ía arranxar serias deficiencias do Colexio de Figueroa.

Sra. Alcaldesa en funcións: Contestarémolle por escrito.

Sr. López Campos : Estáselle pegando a sela Sra. Raquel, antes era máis dialogante, a sela grande non lle queda nada ben.

*** O Concelleiro D. José López Campos formula outro rogo:** Despois quería facer outra pregunta sobre algo que eu esperaba e que, dende logo, traballei (porque non estiven de vacacións, estiven traballando) e esperaba debater neste Pleno, pero cal é a miña sorpresa cando vin a Orde do Día e non hai nada sobre o Plan Xeral, e que a Concelleira non acerta nunca, parece o home do tempo da Galega coas súas predición sen acertar nunca, e no tema do Plan Xeral pasa algo parecido. Eu crin a oficialidade dos datos cando o señor Alcalde ratificou que ao Pleno ordinario do mes de agosto se traería a aprobación do Plan Xeral, pero sorprendeume cando vin a convocatoria e, unha vez máis, o goberno municipal volve outra vez a enganar.

Entón, vou a facer o rogo de que non enganen máis que non dean máis prazos, que fagan o que teñan que facer e deixen de enganar á xente, porque a xente estase aburrindo xa dos seis, meses, dun ano, do pacto, dun ano despois do pacto, de renovación de pactos, de acordos, de Plan Xeral e ao final o Plan Xeral non aparece en ningún sitio, polo que o rogo é que pola súa saúde política, non sigan enganando á xente e fagan as cousas cando teñan que facelas e todo con sentidiño común, que é o importante que impere nestes temas.

*** Segue o Concelleiro D. José López Campos:** Tamén quería facer outras preguntas e que me pode contestar a Concelleira Delegada, se o creo convinte: como dende o mes de xuño non volvemos a ter ningunha Comisión de Urbanismo, non sabendo nada do Plan Xeral, levando dous meses de apagón informativo nesta materia, gustaríanos saber se vai a levar a aprobación do Plan Xeral a un Pleno sen haber sometido o estudo do documento nas oportunas Comisións Informativas e se vai a facer unha Comisión vinculante (que é a que ter que ditaminar o documento para levar a Pleno), ou se ten pensado analizar o documento, sobre todo, tendo en conta que o Partido Popular non tivo acceso nin veu absolutamente un so plano do rural, estamos a falar de catrocentos setenta e pico núcleos de poboación e non vimos nin o primeiro, polo tanto, queremos saber se esa vai a ser a política de transparencia e de xestión áxil que vai a ter o equipo de goberno en materia de Plan Xeral, e se esa vai a ser a actitude que vai a ter, tendo a intención de presentalo nun Pleno extraordinario de agosto ou setembro, que o diga para poder empezar nós a movernos na mesma sintonía que o goberno.

Contesta a Concelleira Delegada de Urbanismo, Dna. Irene Aguiar Lale: Sobre este tema se informou hai uns días sobre cal fora o principal motivo de que non se trouxera hoxe ao Pleno, motivo que foi, principalmente, a entrevista que tivo lugar coa Directora Xeral sobre o anuncio dunha posible modificación da Lei do Solo e da incidencia que podería ter con respecto ao documento que se estaba a elaborar.

Tamén esta semana se anunciaba en prensa que esta mesma semana (xa está anunciado á prensa) ía a trasladar un cronograma das próximas convocatorias e cando se levaría ao Pleno definitivamente. Entón, sobre ese tema xa se informará mañá .

E, con respecto á manifestación , quérolle recordar que non é de todo certo que vostedes non tiveran acceso á documentación dos núcleos rurais, eu llo dei en soporte en CD a cada un dos grupos políticos, ademais, o tomo referido aos núcleos rurais tamén está no Departamento de Urbanismo a súa disposición, así como toda a documentación que estivemos valorando nas Comisións que se celebraron con respecto ao casco urbano, ou sexa, que está vostede faltando á verdade.

Sr. López Campos: Estame dicindo que non vai a convocar ningunha Comisión para analizar os solos rurais, eu fíxenlle a pregunta: ¿vai a convocar as Comisións oportunas para analizar o documento definitivo, tanto do casco urbano como dos núcleos rurais?, porque dende que presentou o documento ata hoxe seguro que cambiaron moitas cousas e

detalles con respecto ao deseño e elaboración do documento. Nós, dende hai dous meses, non tivemos acceso ao documento, supoño que estarán a traballar nel e que teremos unha serie de Comisións Informativas nas que debateremos e estudaremos o documento completo, non por partes, porque o único que se debateu de momento foi o casco urbano centrándonos en cousas como si ás “torres gemelas” ou non ás “torres gemelas”, sendo único que se analizou en profundidade do Plan Xeral, de corenta tomos que pode ter o documento, o único debate en profundidade que se xerou foi o de torres si, torres non.

Sra. Alcaldesa en funcións: En todo caso, a Sra. Concelleira xa lle dixo que si se van a convocar Comisións, polo que a pregunta está contestada, acaba de dicir que mañá vai a adiantas o calendario. É evidente que ningún asunto vai a vir ao Pleno sen ser ditaminado previamente pola Comisión, esa é unha pregunta de perogrullo.

Sr. López Campos: Eu quero preguntar se se vai a analizar en sucesivas Comisións Informativas o documento do Plan Xeral antes de sometelo a Pleno, creo que fácil de entender, para intentar, polo menos, nunha Comisión intentar buscar o consenso das forzas políticas, porque eu, de momento, non vin ofrecemento algún, polo que dende o Goberno vexo vontade cero, e si se trata dunha decisión que se vai tomar unilateralmente paréceme ben.

Ademais quero facer un rogo e expresar publicamente o noso rexeitamento a que un cronograma ou un proceso de aprobación do Plan Xeral se presente aos medios de comunicación e os Concelleiros desta Corporación teñamos que enterarnos polos medios de comunicación, esta é a forma que ten de goberno o Partido Socialista e o BNG. A parte, cun desprezo total e absoluto aos que formamos parte desta Corporación municipal, creando un precedente moi grave, polo que quero denunciar publicamente a maneira de como se está a actuar co Plan Xeral. Polo tanto, quero dicir que isto é un punto a parte importe no que se refire ao Plan Xeral. Rógolle, por favor, que non siga nesa liña, porque, dende logo, non vai polo bo camiño .

Sra. Aguiar Lale: Eu quería contestar.....

Sr. López Campos: O rogo non ten contestación, si quere falar despois, cederémolle a palabra.

(Neste momento abandona á sesión o Concelleiro D. José Vicente Vicente).

*** O Concelleiro D. José López Campos do Partido Popular fai unha nova pregunta:** Aínda que estamos ao marxe de certas polémicas, vimos nestes últimos días que habían certos rumores sobre cal ía a ser a futura persoa que ostentará as responsabilidades de Urbanismo, polo que queremos facerlle unha pregunta sobre se vostede conta co apoio do seu partido, se sente apoiada e valorada ou se sente desprazada por outra persoa que ultimamente ten a intención de ocupar o seu posto e cargo político; en cago de que non sexa así, ofrézolle que no Partido Popular terá un firme responsable para traballar en sacar o Plan Xeral adiante e defender os intereses dos veciños

Sra. Alcaldesa en funcións: Non sei se é unha cuestión de xénero e un problema mental dos portavoces do Partido Popular e de CIDEGA, porque parece que ultimamente persisten en formular ao Pleno preguntas sobre a autovaloración que fan de si membros desta Corporación, é dicir, eu creo que son preguntas que están fora de lugar e que non teñen contido político . Curiosamente son preguntas que lle fan so ás Concelleiras e, a parte, por outras cuestións que teñen xurdido noutras intervencións, denota un problema de machismo e de non ter aínda incorporado ás mulleres a política nesta Corporación.

Sr. López Campos: Quero que retire o de “problema mental”.

Sra. Alcaldesa en funcións: Podo retiralo, pero o problema de fondo está aí .

* **O Concelleiro D. José López Campos do Partido Popular fai unha nova pregunta:** Finalmente, unha pregunta ao Concelleiro de Deportes. Vimos de detectar, nos trasladaron e, ademais, é coñecedor do problema importante que acontece no campo de fútbol dos Casares – Loimil en relación cunha reforma que se fixo hai uns días e que deixou o estado do campo totalmente impracticable; incluso nos trasladaron que xa tres xogadores, nesta semana, sufriron lesións polo estado do firme do terreo de xogo. Me parece que este é un problema preocupante porque o equipo empeza a tempada dentro duns días, polo que urxe buscar algunha solución ou buscar un campo alternativo mentres non se arranxe. En todo caso, buscar unha solución a este problema tan importante e que causa un gran prexuízo.

Contesta o Concelleiro Delegado de Deportes, D. Xoán Carlos Castro Blanco: Eu entendo que vostede ten que transmitir o que, neste caso, o presidente do Club Estudiantil lle transmite, pero, neste caso, o problema non é que o problema sexa de agora, senón que xa o había ao rematar a tempada pasada, trátase dun campo de terra que ten unhas deficiencias fai tres anos, non se lle fixo mantemento, se lle fixo uns surcos laterais moi grandes e a directiva do Club pretendía iniciar a tempada nesas condicións e nós dixemos que era mellor mellorar o seu firme; o que pasa é que as obras demoráronse un pouco, e dado que esta persoa ten o seu plantexamento de como hai que levar un club, anticipándose en demasía para a categoría que está (creo eu e está no seu dereito), e o campo, despois das obras que se lle fixeron, non repousou o suficiente, é como se se ten unha ferida e se quita a tiritita inmediatamente.

É un tema moi delicado. Loxicamente esta persoa ten unhas aspiracións deportivas respectables, pero hai uns límites para todo. A solución a este problema (trátase dun tema algo privado) estaría en falar de niveis de campos de herba, xa que os proxectos teñen que ir acompañados á realidade.

Eu non quería intervir máis porque creo que se me entende. Entón, imos intentar subsanar da maneira mellor eses danos, pero as consecuencias que teñen a raíz das actuacións que se fixeron eu creo que non deben de ser achacables ao Concello en exclusiva. Repito, ese campo de fútbol dende que se lle fixo a última actuación, pasaron tres anos nos que non se fixo ningún tipo de mimado do campo (hai que facerllo) e as consecuencias eran visibles. Agora ten un aspecto moito mellor e habería que deixalo descansar un mes ou dous, pero non hai tempo e o problema esta aí.

* **Toma a palabra o Concelleiro de CIDEGA, Sr. Reboredo Baños:** En primeiro lugar, Sra. Alcaldesa en funcións, quero dicir que me parecen impropias as manifestacións que fixo fai uns breves momentos tachándonos de machismo, porque a forma de facer política da oposición a marcamos nós, polo que nós marcamos a liñas e estratexias que cremos conveniente e, en ningún caso (polo menos por parte deste grupo), houbo algunha manifestación que poida rozar os índices de machismo. Quizá vostede non saiba o que é o machismo ou feminismo, salvo que queira facer unha bandeira (como noutras moitas cousas) disto. Este portavoz xamais tivo unha actuación machista contra ningún membro da Corporación, nin feminista, sempre o fai dende o respecto, respecto que vostedes e vostede, Sra. Presidente da Corporación, non tivo tempos atrás. Por tanto, a capacidade mental cando queira a miramos.

Sra. Alcaldesa en funcións: Capacidade mental non, problema mental

Sr. Reboredo Baños: Sempre me manifestei con respecto, polo tanto pido o mesmo para nós

Sra. Alcaldesa en funcións: Temos aquí a acta do Pleno anterior onde consta a súa pregunta formulada nos mesmos termos que hoxe formula o portavoz do Partido Popular:

...”entón vostede non formou parte dese gabinete de crise, entón vostede ten a mesma consideración que os grupos da oposición...”

Sr. Reboredo Baños: E ¿iso é machismo?, eu pregunteille ¿Vostede formou parte como membro da Corporación dese gabinete de crise?, e vostede contestoume: “non”; entón dígolle: ¿vostede cre que ten a mesma consideración que os membros da oposición que tampouco foron invitados a ese gabinete?. Mire, á escola, que é gratuíta e obrigatoria.

*** Sr. Reboredo Baños:** Vou seguir coas preguntas. ¿Qué sucede co Plan Xeral?

Contesta a Concelleira de Urbanismo, Sra. Aguiar Lale: Agradézolle a claridade da pregunta. Estaba adiantando que mañá estaba anunciada unha convocatoria de prensa, de todas maneiras, mañá mesmo (xa se redactou hoxe) sairá unha convocatoria para unha próxima Comisión de Urbanismo o 26 de agosto ás 12:00 horas (creo recordar).

Sr. Reboredo Baños: Esa Comisión que vai vostede a convocar mañá a través dos medios de comunicación non é a fórmula .

Concelleira de Urbanismo, Sra. Aguiar Lale: Estáballe a dicir que ía a facer unha roda de prensa, pero, a parte, a convocatoria para vostede sairá polo medio normal e habitual.

Sr. Reboredo Baños: Pero dixó vostede que ía a anunciar un cronograma a través dos medios de comunicación, e teño que dicirlle que foi un cronograma que vostede foi incapaz de anunciálo nas dúas Comisións que tivemos. Mañá pola mañá en internet para léelo.

Sr. Reboredo Baños formula outra pregunta: Di vostede para o día 26, e ¿esa Comisión vai a ser a última Comisión que vai a ditaminar o documento que vai vir a este Pleno?

Contesta a Sra. Aguiar Lale: Si.

Sr. Reboredo Baños: Vostedes votaron moito tempo pedindo consenso, comprensión e apoio por parte dos grupos políticos da oposición nun documento tan importante como este, ¿a vostedes parécello razoable que en dous anos se convoquen dúas Comisións e unha delas sexa para determinar un documento de tanta importancia?.

Sra. Aguiar Lale: Como dixó vostede anteriormente, a maneira de facer oposición a deciden vostedes, por tanto a maneira de gobernar creo que é competencia nosa.

*** Sr. Reboredo Baños prantexa outra pregunta:** Entón, vou a facer un rogo: Non trasladen vostedes a través dos medios de comunicación (nosos fieis informadores) de que si o Plan Xeral da Estrada non será so responsabilidade do goberno, senón tamén será responsable a oposición. Isto que acabo de dicir está nas hemerotecas, polo tanto, a partires deste momento, as responsabilidades están limitadas, e dígollo o por que: porque na última Comisión de Urbanismo (das dúas que houbo) unha das propostas que fixo CIDEGA (das que as menos transcendentales foron aceptadas) era a de buscar fórmulas para garantía que a esquina da Baiuca non fose edificable, comprometéndose o equipo de traballo e creo que vostede tamén ver a forma de trasladar esa edificabilidade a un solo urbanizable colindante e a miña pregunta é: ¿qué se fixo nesa tema?, porque non sabemos absolutamente nada dese tema .

Sra. Aguiar Lale: Ben, penso que este non é o foro adecuado para debater unhas cuestións tan concretas, entón vostedes saben que na última Comisión (a acta está aí para léelo) se lle deu respecto e se recolleron un 90% das propostas que vostedes fixeron; están as actas aí e podémolo constatar todos e cos medios de comunicación como testigos. A partires

de aí lle respondo, simplemente, que nesta Comisión se lles dará traslado que algunhas máis das propostas que vostedes fixeron se estudaron e se levaron a cabo as correccións polo equipo redactor, dándoselle conta delas.

Sr. Reboredo Baños: Entón, ¿nesa Comisión do 26 tamén temos que analizar 419 núcleos do rural que están sen mirar, toda a normativa, é dicir, nesa Comisión témonos que posicionarnos como grupo da oposición e dar o noso voto favorable ou negativo a ese documento presentado?.

Sra. Aguiar Lale: Como dicía, este non é o foro máis adecuado; en todo caso, recórdolles que na última ou penúltima das Comisión se falou de que o que realmente se estaba a debater era o deseño ou modelo do que se deixaba unha impronta por parte do grupo de goberno e equipo redactor, e, con respecto aos núcleos rurais e áreas de expansión, que todos tiñamos claro que eran temas que tiñan que seguir estritamente criterios técnicos e legais, é dicir, poderemos estar de acordo ou non, pero a Lei é a Lei e é a que nos marca as delimitacións e demais.

Sr. Reboredo Baños: ¿Vostede cre no criterio técnico para a delimitación dos núcleos rurais e áreas de expansión?

Sra. Aguiar Lale: Creo que non pode haber outro máis que o criterio técnico axustado á lexislación vixente.

Sr. Reboredo Baños: Llo poremos enriba da mesa.

* **Continúa o Sr. Reboredo Baños formulando unha nova pregunta:** Fai aproximadamente mes e pico, cerca de dous meses, se lle entregou ao persoal funcionario e aos representantes sindicais o proxecto de RPT elaborado por unha empresa, e a pregunta de CIDEGA é: ¿van tamén a entregarnos pola prensa unha copia dese RPT?

Contesta Sra. Alcaldesa en funcións: En todo caso, como membro desta Corporación ten vostede dereito a solicitar calquera documento público que obre neste Concello, polo tanto se lle interesa vela e, mentres non se convoque a Comisión de Persoal para a valorar, pode vostede pedir un exemplar, é dicir, ¿non estarán vostedes esperando a que lle enviemos toda a documentación?.

Non habendo máis intervencións por parte dos Concelleiros nin por parte do público asistente, levántase a sesión ás vinte e dúas horas e vinte minutos.

Sr. Reboredo Baños: Como grupo da oposición teremos dereito a que vostedes nos entreguen unha copia desa documentación .

Sra. Alcaldesa en funcións: Unha vez que a solicitan, evidentemente.

Sr. Reboredo Baños: Non, sen solicitala, creo que é un tema o suficientemente importante como para que, unha vez que se lle entrega ao persoal e aos sindicatos, se lle faga chegar a cada grupo da oposición unha copia para que vaian analizando a situación.

Sra. Alcaldesa en funcións: Queda o seu rogo recollido

Sr. Reboredo Baños: Non era un rogo senón unha pregunta sobre se teñen pensado entregárnola pola prensa.

Sra. Alcaldesa en funcións: Creo que temos que tomarnos en serio o Pleno , estamos un pouquiño despistados, estamos en agosto e igual iso nos leva a desdubuxar as cuestións. En todo caso, como calquera grupo político teñen dereito a solicitar a información e a obriga do equipo de goberno ou do responsable da área facilitarlla, se teñen interese a solicitan e se lles entrega e nada máis.

*** A Sra. Cristina Goldar Soto, Concelleira do Partido Popular, formula un rogo:** Rogo que se nos entregue unha copia da RPT.

*** O Sr. José López Campos, Concelleiro do Partido Popular, manifesta outro rogo:** Eu rogo que (tendo en conta que non vamos a ter moito tempo para analizar o documento guisado polo goberno) esta semana nos sexa enviada unha copia do documento definitivo do Plan Xeral para analízalo previamente á Comisión informativa, porque se nos convocan con tres días de antelación non vamos a ter tempo para analízalo documento enteiro, polo que rogo que se nos envíe copia do documento definitivo en completo, para o seu análise antes da Comisión de Urbanismo

Contesta a Sra. Alcaldesa en funcións: Serán atendidos na medida do posible.

Non habendo máis intervencións por parte dos Concelleiros nin por parte do público asistente, levántase a sesión ás vinte e dúas horas vinte minutos.

A Estrada, 6 de agosto de 2009
O SECRETARIO,

Asdo.: José Naveira González